

## **A influencia do nivel de estudos nas actitudes pro-climáticas da poboación española**

**Mónica Arto Blanco**

monica.arto.blanco@usc.es

**Miguel Pardellas Santiago**

miguel.pardellas@usc.es

**Pablo Ángel Meira Cartea**

pablo.meira@usc.es

Grupo SEPA-*interea*, Universidade de Santiago de Compostela

### **Palabras chave**

Cambio climático, sociedade, demoscopia, nivel de ensino

### **Introdución**

En 2015 adoptáronse dous compromisos fundamentais que deberían orientar as políticas públicas nacionais e internacionais na próxima década: a *Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible* e o *Acordo de París* para o cambio climático. Entre os 17 ODS resultan de especial interese para esta comunicación o 4 (Educación de calidade) e o 13 (Acción polo clima). Cinco anos despois de París, o recorte de emisións aínda non comezou e unha cuestión que aínda non está resolta, e que aínda non foi formulada social e institucionalmente no Estado español, é a de como orientar a educación, nos seus diferentes contextos, para contribuír ao obxectivo de 0 emisións netas a mediados de século.

### **Obxectivos**

Nesta comunicación analízase como inflúe a variable socio-demográfica nivel de estudos na posición da poboación española ante o cambio climático. Os datos manexados proveñen dun estudo demoscópico realizado en 2020 (Meira, Arto e Pardellas, 2021).

### **Metodoloxía**

Aplicouse telefonicamente un cuestionario semiestruturado (método CATI) a unha mostra de 1.133 casos, representativa da poboación española maior de 18 anos. O traballo de campo realizouse entre o 2 marzo e o 15 de maio de 2020.

### **Resultados**

A variable nivel de estudos inflúe nas respostas da poboación española ao ser interrogada por diferentes dimensións do cambio climático, establecéndose diferenzas estatísticas significativas ( $p < .01$ /  $p < .05$ ). As persoas que teñen estudos superiores, fronte a outras con menor nivel de estudos:

- Recoñecen en maior medida a existencia do cambio climático, a figura de Greta Thunberg, o Acordo de París e o consenso científico sobre o problema.
- Percíbense máis ameazadas na súa seguridade física e a súa economía.
- Senten con máis intensidade emocional interese, impotencia, desgusto, enfado, medo e indignación en relación ao cambio climático. Con menos intensidade, senten indiferenza e esperanza.
- Manifestan un maior nivel de apoio as políticas públicas pro-climáticas sobre mobilidade, produción de enerxía e alimentos.
- Afirmen realizar con máis frecuencia comportamentos con menores emisións e asistir a protestas a favor do clima.

As persoas que declaran non ter estudos suman porcentaxes de resposta NS/NC elevados ou moi elevados.

### **Conclusiones**

Esta investigación mostra unha relación clara entre o maior nivel de estudos da poboación e unha maior concienciación e compromiso sobre o problema, así como posicións máis definidas na materia. Con todo, convén matizar estes datos tendo en conta que a variable nivel de estudos pode non actuar soa, senón que esta a interactuar con outras variables como a idade, a posición política ou o nivel de ingresos. As emocións negativas en relación ao problema poden supoñer unha barreira para a acción. Os resultados suxiren a necesidade dunha educación para o cambio climático de máis calidade e centrada nas súas dimensións sociais que, fronte ao número de anos de escolarización, potencia de forma efectiva a resposta social proactiva nos diferentes niveis educativos e nos espazos da educación social.

### **Referencia**

Meira, P. Á., Arto, M., Pardellas, M. (2021). *La sociedad española ante el cambio climático. Percepción y comportamientos de la población*. Madrid: IDEARA INVESTIGACIÓN.

[https://accesoese.idearainvestigacion.com/Informe\\_sociedad\\_esp%C3%B1ola\\_CC\\_2020.pdf](https://accesoese.idearainvestigacion.com/Informe_sociedad_esp%C3%B1ola_CC_2020.pdf)